

martes 13 de octubre de 2009

O IES Maruxa Mallo, máis perto de Europa que nunca



Foto: Vista de Vilnius, capital de Lituania.

Polonia e Lituania durante este curso Un grupo de estudantes ordenses viaxará a

Chegará en febreiro unha delegación deses dous países para convivir connosco durante uns días

O **IES Maruxa Mallo de Ordes** vai participar por primeira vez no programa europeo Comenius xunto con outros dous centros educativos, un de **Lituania** e outro de **Polonia**. O alumnado implicado dos tres países levará a cabo dous módulos de investigación: 'Diversidade cultural e diálogo intercultural' neste curso e 'Os ECOeuropeos e a calidade de vida' no vindeiro.

Por medio deste proxecto preténdense mellorar, entre outras, as **destrezas comunicativas nun idioma estranxeiro**, o inglés, xa que tódolos traballos terán que estar nesta lingua, así como as competencias dixitais, posto que elaborarán un **xornal on-line**.

Este proxecto está financiado pola Unión Europea o que permitirá, por unha banda, que diferentes grupos de alumnado e profesorado viaxen aos outros dous países, e, por outra banda, farán de anfitrións cando os socios lituanos e polacos veñan a coñecer esta parte de Europa.

Os participantes do proxecto esperan adquirir amplos coñecementos sobre a **cultura, estilo de vida e tradicións dos outros** -aspectos bastante descoñecidos para unha gran maioría-, promovendo sempre o valor da diversidade, do **respecto e da tolerancia** cara ás culturas diferentes.

"Viaxaremos a Polonia e Lituania antes de que termine o curso"

A preguntas de **Ordessiete**, a coordinadora do proxecto, **Isabel Mato**, confirmounos a chegada dun grupo de estudantes polacos e lituanos para o vindeiro mes de febreiro. Do mesmo xeito, os ordenses tamén viaxarán a eses países, segundo Mato, "**antes de que termine este curso**". A intención agora do instituto é recadar a maior cantidade de fondos posibles para que sexan cantos máis mellor os xóvenes ordenses beneficiados do programa. Así, polo de agora, serán catro os alumnos que acompañen a Isabel Mato e a directora do IES, **Rosa Maceiras**, ata terras centroeuropeas.
